



landra



Revista Informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
para escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra



SUMARIO

2	EDITORIAL	
4	ESCOLAS ABERTAS	<ul style="list-style-type: none">◆ Formar Penseos. E.O. de Catóira.◆ "Ribeiras Fluxibís" de Gondomar.◆ Mar de Vigo. Nova experiencia en escolas obradoiro.
9	OBRAQUEDOBRA	<ul style="list-style-type: none">◆ A drenaxe da Carballeira da Freixoira. E.O. Fonsardi.◆ A exclusión non ten cara. E.O. Tui.
11	APUNTAMENTOS	<ul style="list-style-type: none">◆ O traballo a través de Internet.◆ O sistema de cualificacións profesionais.◆ Escolas e Obradoiros ao mesmo tempo en Internet.◆ Asociacións e inserción laboral.◆ Arquipedra. Da escola ó traballo.
20	ARCO DA NOVA	



Xaneiro de 2001





landra landra landra landra



LANDRA

Revista da Unidade de Promoción e Desenvolvemento para escolas obradoiro, casas de ofido obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

Vía da Hispanidade 17
36203 Vigo

Teléfono: 986 42 33 66
Fax: 986 47 14 44

e-mail: ecoupd@teleline.es
www.maiv.org/upd

Colaboran neste número:

Fernando da Costa Grobas
Jose Manuel González Figueroa
Juan A. González Pérez
Julio López Walliser
Alberto Márquez Varela
Paula del Río Abelenda
Rocío Veiga Villar
Alumnas/os de xardiñería da
Escola Obradoiro
"Terra de Montes III" de Forcarei

Equipo técnico editorial:

Jose Manuel Búa Gil
Esperanza Costas Costas
Susana Dávila Barba
Juan Carlos Fernández Enseñat
Elsa Hermida Torres
Carmen López Fernández
Carmen África Marchante Pérez
Ana Isabel de Mena Lagarejos
José Angel Méndez Pardo
Ana Isabel Pascual Martínez
María José Piñeira Mantiñán
Zara Pousa Arbones

Director:

Xabier Méndez Martínez

Edita:

Mancomunida de da Área
Intermunicipal de Vigo

Depósito legal: VG-129-2001

Editorial

Na Unidade de Promoción e Desenvolvemento preguntámonos a que especie vexetal pertencerán as follas que conforman o símbolo do programa de Escolas Obradoiro. Para nós son follas de carballo e a revista que agora vos presentamos é "Landra", semente e froito desta árbore.

Se as revistas poden xustificarse por si mesmas, como medios de información, esta ademais está decidida a promover a vosa participación, porque pensamos que a comunicación e a colaboración entre as escolas obradoiro e obradoiros de emprego é importante e necesaria.

Os proxectos que hoxe temos en marcha na provincia de Pontevedra non poden reducirse ó ámbito municipal, por máis que este sexa o seu espacio funcional de actividade. A información, as relacións sociais e económicas, o emprego e o desenvolvemento local teñen un horizonte máis amplo que o concello, que é preciso coñecer e do que se pode sacar proveito en beneficio de todos. Coñecer outras experiencias, a singular complexidade que revisten determinadas realidades de espacios próximos, informarnos do que acontece noutras áreas, é a mellor forma de organizámonos internamente. Neste senso, a revista "Landra" só pretende ser un dos instrumentos útiles neste camiño de comunicación entre escolas e obradoiros, nun tránsito que nos debe conducir ó incremento progresivo das nosas relacións.

Coa revista "Landra" queremos, ademais, sacar partido das posibilidades que as novas tecnoloxías da información ofrecen ó programa de escolas obradoiro para o intercambio e a colaboración entre proxectos. Para isto, ó longo do ano 2000, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento investiu un importante esforzo na creación dun espacio web, ó que calquera usuario de Internet pode acceder e que se denomina www.maiv.org/upd. Esta páxina, que vos invitamos a visitar, e que mantíña ata este momento as seccións "UPD", "Escolas





Obradoiro” e “Servicios”, soportará agora, a maiores, a “Revista Landra” e o boletín electrónico “Landra-Arco da Nova”.

Parécenos importante dar pasos en firme na promoción e utilización destas tecnoloxías da información, polo que poden supoñer para programas formativos como o de escolas obradoiro. Neste senso, cómpre ser conscientes da crecente importancia que revestirá, á hora de acometer proxectos de escola e obradoiros de emprego, garantir o acceso e utilización dos medios informáticos e telemáticos existentes por parte dos seus integrantes, tanto sexan cadros directivos, formadores ou alumnos. Sabedores, non embargantes, da problemática que afecta neste aspecto a diversas escolas da provincia, que teñen na actualidade grandes dificultades para o acceso a estes medios, a UPD ten optado pola elaboración en papel dunha réplica da revista electrónica “Landra”.

Por canto ás seccións que estruturan a revista, a maiores da sección “Editorial” que neste momento ocupamos, Landra contará nos seus números coa sección “Dende a Consellería”, reservada a aquelas colaboracións que a Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude desexe publicar e que, de seguro, serán do maior interese para todos os proxectos relacionados cos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Pola súa banda, a sección “Escolas abertas” pretenderá mostrar diferentes aspectos e singularidades das escolas e obradoiros que están en actividade na nosa provincia, para o que serán fundamentais as vosas colaboracións.

A sección “Obraquedobra” créase coa ilusión de que participedes nela, sen intromisións, os alumnos e alumnas do programa, vehiculizando así as vosas opinións e experiencias. Facémosvos un chamado á participación activa nesta sección, así como no resto da revista e, tras dela, noutros eidos que se poidan propoñer.

Se ben a revista centra o seu interese no ámbito das escolas obradoiro e dos obradoiros de emprego, non consideramos a estes programas fora do ámbito máis amplo das accións de dinamización social e económica e de desenvolvemento local, do que cremos que as escolas forman parte. Por isto, pensamos que ademais da información específica sobre as vosas experiencias, cómpre abrir a revista a informacións de carácter máis amplo, así como a outras entidades e persoas especializadas en diversas materias de interese. Con esta idea xorden a sección “Apuntamentos”, de colaboracións temáticas, e “Arco da nova”, na que de forma breve pretendemos recoller noticias e informacións locais e temáticas de interese xeral e para o programa de escolas obradoiro.

Nós poñemos a revista a andar, sabedores de que para que non se pare resulta fundamental a vosa colaboración. Convidámosvos a participar activamente na súa elaboración, indicándonos os vosos intereses e aportándonos suxestións, colaboracións e información dos vosos proxectos e das vosas localidades.

“Landra” é agora tarefa de tod@s. Saúde.





Escolas Abertas

FORMAR PERSOAS

A elaboración da Revista Vikinga na Escola Obradoiro de Catoira

*Fernando da Costa Grobas
Director da Escola Obradoiro Vikinga II.*

Catoira, a finais de decembro de 1999. A Escola Obradoiro Vikinga II abre as súas portas a novos alumnos. Desde a dirección da mesma formulamos unha serie de actividades formativas para os nosos alumnos e unha delas foi a idea de realizar unha revista, que xorde polos seguintes motivos:

-Difundir no concello ó que pertencemos, os obxectivos dos proxectos das Escolas Obradoiro, as obras que se levan a cabo e as distintas actividades formativas que se desenvolven nun proxecto dunha Escola Obradoiro para, a través da revista, dar a coñecer a súa realidade, os seus problemas, conflitos, dificultades e todo o contorno que a rodea, así como para conseguir concienciar á xente do noso concello da importancia deste proxecto e tentar erradicar certas ideas negativas que se teñen sobre as Escolas Obradoiro (“os alumnos non fan nada”, “só é man de obra barata para o concello”,...) Pero, ¿qué é realmente unha Escola Obradoiro? Trátase dun centro onde os alumnos/traballadores reciben unha formación específica dunha ocupación. Ésta axudaralles ó día de mañá a conseguir unha inserción laboral para a que terían dificultades de non recibiren apoio, ó tratarse, na súa maior parte, de persoas con falta de formación. Mais non só pretendemos ensinarlles unha profesión, senón coñecemos que o conseguimos a través da alternancia entre os obradoiros e as obras (obras que recuperan un patrimonio pertencente ó concello e que é de todos). Non pretendemos somentes lograr a súa inserción laboral posterior e ensinarlles unha profesión, senón que queremos for-

mar persoas, para o que realizamos moitas outras actividades, non dirixidas “a perder o tempo”, senón a educar (charlas, conferencias, programas de educación para a saúde,...).

-Outro obxectivo moi importante que nos propoñemos desde a Escola Obradoiro é inculcar ós alumnos nuns hábitos de escritura e lectura dos que carecen. Hai que ter en conta que a maior parte dos alumnos que acceden ás Escolas Obradoiro abandonaron os seus estudos logo de remataren a EXB e outros moitos non a finalizaron, polo que carecen dunha serie de recursos que nos aporta a lectura e a escritura. Desde esta Escola pretendemos inculcarlles ós alumnos costumes de lectura comprensiva, así como pautas básicas de redacción. Este obxectivo conseguímo-lo a través de moitas actividades desenvolvidas na Escola Obradoiro e coa creación da revista potenciámo-lo, véndonos favorecidos porque ó ser algo no que eles participan, facilita enormemente a consecución deste obxectivo.

-E por último, pretendemos facer participes ós alumnos dunha serie de actividades formativas complementarias. Un dos obxectivos dunha Escola Obradoiro é ensinarlles unha profesión e conseguir a inserción laboral dunha serie de mozos con dificultades, pero desde o noso punto de vista, consideramos que é tamén esencial “formar persoas”, polo que, a través da revista, pretendemos que realicen artigos que potencien esta faceta, así como fomentar e aumentar o seu nivel cultural e o coñecemento do concello no que viven, para o que se incluíron unha serie de reportaxes





que son fixos na nosa pequena revista (“Historia dos vikingos”, “Ficha botánica dunha planta do contorno”, “Historia dos inventos”, “Os nosos escritores”, “Muiños de Catoira”). E vós preguntaredes, ¿por qué eliximos estes artigos fixos? Catoira é un pobo marcado por unha tradición vikinga, que se segue lembrando cada ano, o primeiro domingo de agosto, coa festa do desembarco vikingo; pob que é moi importante que os nosos cidadáns coñezan a súa historia, e como non, as súas raíces, motivo polo que decidimos incluír a “Historia dos vikingos” e “Os Muiños de Catoira”. Catoira é un pobo pequeno, pero moi rico en patrimonio: posúe muiños de río, de mareas, de vento, e non un, nin dous, senón sesenta e catro muiños de río, un de mareas e oito de vento. O noso proxecto baséase na recuperación dalgún dos muiños de río e o seu contorno, polo que cómpre que coñezamos o noso patrimonio e evitemos que, como acontece en moitos casos, se perda tan valioso patrimonio etnográfico e cultural legado dos nosos antergos. Desde a Escola loitamos por conservar este enorme patrimonio que posuímos. Con outros artigos, como “Os nosos escritores”, pretendemos dar a coñecer, a grandes trazos, ós principais escritores da nosa literatura e fomentar a súa lectura.

Á hora de elaborar a revista atopámonos principalmente con dúas dificultades. A primeira delas, como non, é a económica. Proponer a realización dunha revista grande e en cor supón un enorme custo que dificilmente se pode afrontar desde unha Escola Obradoiro, mais como a considerabamos unha actividade formativa de gran valor, decidimos realizar un boletín no ordenador e fotocopiálo posteriormente en branco e negro para abaratar custos. Os alumnos escriben os artigos, sempre coa axuda do persoal da Escola, sendo este último quen realiza a maquetación, impresión e fotocopiado do mesmo.



O outro problema co que nos atopabamos á hora de por en marcha cada número do noso boletín é a participación do alumnado, sendo preciso estar pendentes deles para que realicen a actividade e guíalos continuamente no seu traballo, tentando potenciar a imaxinación para que desenvolvan artigos novedosos e/ou curiosos.

Pero non todo son inconvenientes á hora de elaborar a revista, senón que existe tamén o lado gratificante, non só para o persoal da nosa Escola, senón tamén para os propios alumnos. É o momento, o gran día, xa sae a edición da nosa revista e non vai directa á papeleira, non señor, vai a distintas mans, entre elas as dos nosos pequenos autores que orgullosos din: “¡esta sí, esta é a nosa revista!” e gracias a isto conseguimos que a lean, aínda que sexa un pouquiño, pero podemos dicir que logramos un grao de area desa gran montaña.

Desde esta Escola Obradoiro pretendemos animar a todo o persoal responsable da formación destes mozos a que se animen e fomenten a realización dunha pequena revista e/ou outras actividades nas que participan todos os seus alumnos e cada un aporte o seu grao de area, xa que favorecen enormemente a consecución de moitos obxectivos educativos, e un dos máis importantes, “formar persoas”.





ESCOLA OBRADOIRO “RIBEIRAS FLUVIAIS” DE GONDOMAR

Formación para recuperar e poñer en valor recursos naturais

Paula del Río Abelenda

Directora da Escola Obradoiro “Ribeiras Fluviais” de Gondomar

A Escola Obradoiro “Ribeiras Fluviais” de Gondomar nace no mes de xuño de 2000 con corenta alumnos distribuídos nas especialidades de construción, carpintería, viverismo e restauración de áreas degradadas.

Como tal escola obradoiro o obxectivo de seu, durante dazaoito meses, é a inserción profesional dos alumnos participantes ó tempo que, pola súa natureza medioambiental, leva asociada como finalidade propia a posta en valor dun recurso natural en desuso.

Esta “posta en valor” dos treitos urbanos dos ríos Morgadáns, Miñor e Zamáns levárase a cabo actuando en dúas direccións: Por unha banda, incidindo na recuperación da dinámica fluvial dos ríos, eliminando elementos de alteración e revexetando con especies autóctonas. Por outra, procurando o achegamento deste recurso infavorecido á poboación para o seu disfrute, sempre mediante actuacións respectuosas co medio e integradas na paisaxe.

O ámbito de acción da escola “Ribeiras Fluviais” de Gondomar está delimitado pola confluencia dos tres ríos no núcleo urbano de Gondomar, rematando, Zamáns arriba, na zona de O Porteb, no Morgadáns, na Ponte das Animas e no Miñor, na Ponte de Mañufe, e prestando especial atención ós contornos das dúas pontes e do acueducto do Bravo.

Parellamente traballárase na consolidación da senda de pescadores, como eixo integrador destes puntos de interese, e no acondicionamento de accesos ó río, así co-

mo de plataformas saíntes de madeira sobre a canle en puntos estratéxicos.

Por outra banda, os alumnos da Escola Obradoiro de Gondomar son xoves entre dazaseis e vintecinco anos, de procedencia comarcal, que acuden á escola para acadar unha formación teórico-práctica que van desenvolver de xeito simultáneo a un proxecto de obra real. Ó mesmo tempo, a escola vai facilitar a posibilidade de participar noutras actividades parellas como as sesións orientadas á obtención do Graduado Escolar, o módulo de debuxo, artes plásticas e creatividade, a aula informática e de internet, o seminario de orientación sociolaboral ou as saídas formativas a diversos lugares representativos da actividade que están a levar a cabo na escola.

O persoal da escola está composto por un monitor de construción, José Manuel Lorenzo Ferreira, un monitor de carpintería, Manuel Cabezas Alonso, unha monitora de viveiros, Ramona Vaz González, unha monitora de debuxo e artes plásticas, Liliana Lista Cabral, unha monitora de graduado escolar, Rosa González Pérez, unha orientadora sociolaboral, M^a Jesús Lorenzo Núñez, a titora, Carmen Otero Lamas e a Directora, Paula del Río Abelenda.

A subvención da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para levar a cabo o proxecto da Escola Obradoiro “Ribeiras Fluviais” ronda os noventa millóns de pesetas, mentres que o orzamento do Concello de Gondomar para desenvolver o mesmo supera os dez millóns.





“MAR DE VIGO”

Unha nova experiencia en Escolas Obradoiro

*Rocío Veiga Villar
Directora da Escola Obradoiro “Mar de Vigo”*

A Escola Obradoiro “Mar de Vigo” é un proxecto que está a promover o Concello de Vigo. Ten como finalidade a capacitación profesional de mozos e mozas de idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos, ofrecéndolles unha formación teórica en alternancia co traballo e a práctica profesional en ámbitos pouco explotados ata o momento e con boas perspectivas de futuro.

Este proxecto ten unha duración de 18 meses, dende o 30 de xuño de 2000 ata o vindeiro 30 de decembro de 2001, e acolle a un total de 60 alumnos/as. Está cofinanciado pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e polo Fondo Social Europeo.

As especialidades a impartir na Escola Obradoiro Mar de Vigo son as actividades náutico-turísticas, a xestión de instalacións marítimo-deportivas, a carpintería de ribeira e as novas técnicas de construción naval. Cada especialidade conta con 15 alumnos/as baixo a supervisión dun equipo técnico de 12 profesionais.

Os obxectivos desta Escola Obradoiro son:

-Fomentar o desenvolvemento de iniciativas económicas e de formación profesional nas actividades marítimas, favorecendo deste xeito o desenvolvemento socioeconómico de barrios costeiros con tradición marítima. Restaurar ou construír, seguindo os modelos antigos, diversas embarcacións tradicionais con fin de realizar programas educativos e poñer en marcha unha Escola de navegación tradicional con esta tipoloxía de embarcacións características das Rías Baixas galegas.

-Realizar traballos de animación, como “encontros de embarcacións tradicionais”, visitas turísticas, regatas con embarcacións tradicionais, etc.

-Impartir formación axeitada para o traballo en torno ós portos deportivos e toda a actividade complementaria xerada por estes, dende o mantemento de instalacións ata a invernada de embarcacións ou a recepción de visitantes.

A obra a realizar durante este proxecto está orientada en dous sentidos:

-A realización de embarcacións tradicionais e a adaptación das novas técnicas de construción naval, coa construción de embarcacións como o bote polbeiro, a gamela de Coruxo, o bote raquero, a piragua e diversas tablas de surf.

-A xestión de instalacións marítimo-deportivas e unha oferta de servizos en actividades náutico-turísticas como complemento da obra anterior.

Os contidos formativos para cada especialidade son, entre outros, os seguintes:

En carpintería de ribeira destaca a elaboración de esbozos e maquetas, traballos preliminares con madeira e construción de ensambles, a realización de patróns, estruturas, habilitamento de interiores, acabado, tratamento de superficies e botadura das embarcacións en carpintería de ribeira, etc.

En novas técnicas de construción naval fórmase ós alumnos/as en técnicas básicas de construción de madeira, interpretación de planos, patróns, montaxe de cunas para a construción de embarcacións, laminado e preparación de embarcacións, modelos,





moldes, cascos e cubertas, etc.

En canto ás instalacións marítimo deportivas, a formación dirixese cara á navegación e o coñecemento no ámbito das prácticas mariñeiras, a propulsión mecánica, os primeiros auxilios, a conservación, mantemento e invernaxe das embarcacións, o inglés marítimo, etc.



Este proxecto pretende, en resumo, fomentar a especialización nas diversas ramas dentro do sector marítimo e deportivo que teñen unha demanda potencial no mercado e que van necesitar profesionais formados para traballar neses áreas. Serve asemade para recuperar

Por último, nas actividades náutico-turísticas os contidos refírense á navegación, conservación e mantemento do equipo, intervención socioeducativa e medioambiental, animación e tempo libre, turismo e desenvolvemento de servizos turísticos, coñecemento do medio e do patrimonio cultural de Vigo e a súa ría, etc.

O patrimonio cultural mariñeiro coa incorporación dos labores e actividades tradicionais á vida cotiá, a través das actividades deportivas e de lecer, e particularmente a recuperación dos barcos.





Obraquedobra

A DRENAXE DA CARBALLEIRA DA FREIXEIRA

O traballo na especialidade de xardinería da Escola Obradoiro de Forcarei

*Alumnas e alumnos de Xardinería
Escola Obradoiro " Terra de Montes III " de Forcarei*

No derradeiro trimestre da segunda fase, o noso traballo, entre outros, foi o acondicionamento da carballeira da Freixeira.

A carballeira ten un nivel freático moi alto, xa que no inverno enchoupase polo desbordamento do río que pasa a carón dela. O noso traballo consistiu en facerlle unha drenaxe en forma de espiña de peixe.

A mediados de outubro comeza o noso traballo. Primeiro tomamos as medidas necesarias e pasamos os niveis. A continuación, e xa na aula, calculamos a pendente e fixemos os planos correspondentes. Despois, cunha pa escavadora, abríronse as gabias e, unha vez abertas, permitíronnos meter os tubos.

Os tubos, ¿esto si que foi difícil e custoso!... Tiveron que axudarnos os do módulo de construción, pois nalgúns sitios había rocha e raíces de árbores, e coa máquina non se podían arrincar. Así que os de construción, cos martelos amoladores, romperon estas raíces e rochas e axudáronnos tamén a facer arquetas.

Ó pé do muiño que hai nun lado da carballeira, foi colocado o primeiro tubo e tivemos a sorte de velo funcionar un día que

viñeron os donos a moer. Volvendo ó tema, o tubo ía envolto nunha tea xeotextil, entre a tea e o tubo ía grixo; moi ben, esto non nos daba moito traballo, todo ía ben.

Vén a fin de semana e non para de chober, e o luns, cando cegamos, ¡a enxurrada levantounos os tubos e tivemos que volver a empezar! ¡que fastidio!.

Despois deste mal trago seguimos adiante, pero a gabia está chea de auga e hai que quitala continuamente. Tivemos que usar unha bomba de achique e mentres uns quitaban auga outros metían os tubos.

Nunha boa tempada non tivemos ningún percance ata o día que rompemos un tubo, pois nun treito da gabia había raíces das árbores e non se podían cortar. Nós intentamos meter o tubo por debaixo delas e ¡Crac!, tubo roto.

Con todo isto pasámolo moi ben, cada día unha anécdota. Un día enterrábase na lama unha compañeira e o día seguinte outra ata as orellas. Tamén atopamos animais mortos, desde troitas a outros descoñecidos para nós.

Malia as inclemencias do tempo e a dureza do traballo que alí fixemos, foi unha experiencia inesquecible, cun bo traballo en equipo e moito compañeirismo. O mellor foi o último día, saber que rematamos e deixámolo funcionando.





A EXCLUSIÓN NON TEN CARA

*Alberto Márquez Varela
Alumno da Escola Obradoiro de Tui*

Moitas veces condenamos un atentado terrorista, califícamolo de barbarie e depravación das liberdades dun Estado democrático como é España.

Na realidade, estou de acordo con esa condena, pero quero que este artigo sirva para que moita xente que viola as liberdades individuais de persoas que son diferentes a elas se mentalicen. Refírome ós comportamentos homófobos da nosa sociedade.

Os homosexuais son iguais ca vós e toda a xente do mundo, simplemente existe unha diferenza: senten unha atracción por persoas do seu mesmo sexo. Esta é unha realidade que moitos, quizais demasiados, non queren aceptar e maniféstanos danando a integridade física e moral destas persoas.

Iso cáusalles un gran prexuízo, posto que para os gais e as lesbianas é moi difícil aceptárense a si mesmos e necesitan o apoio dos demais para dárense conta de que non son monstros, senón persoas que senten igual que todos.

Definimos o termo “racismo” como o comportamento que se manifesta rexeitando a aquelas persoas que son diferentes. Moita xente coida que racista só é aquel que non acepta e reacciona violentamente contra os negros, indios, xudeos, xitanos... e demais persoas que non son de raza branca, pois non!!, racista é aquel que non respecta ás persoas tal e como son.

Vou dar un claro exemplo de racismo e homofobia. Este feito non ocorreu en España, senón en Estados Unidos. Mathew Shepard, un rapaz de 21 anos foi asasinado por terse declarado homosexual. Isto aconteceu nunha localidade de Wyoming. Dous mozos de vintedous anos e as súas noivas ataron a Mathew a un valado e ba-

térono brutalmente coagulada dun revólver producíndolle numerosas feridas e contusións. Mathew non sobreviviu a tal mallera e faleceu ó ingresar no centro de saúde.


Ninguén puido salvar a Mathew, nin as asociacións de homosexuais, nin un país que presume de ser avanzado. Este rapaz morreu por defender aquilo no que cría e que non debía de ser ocultado: a súa homosexualidade.

der aquilo no que cría e que non debía de ser ocultado: a súa homosexualidade.

Coidades que todos os homosexuais do mundo debemos calar e ocultar a nosa maneira de pensar? Moitos o fan, pero iso é unha mentira que crea unha sociedade intolerante e racista.

Hoxendía hai asociacións que defenden o dereito dos gais e as lesbianas, pero nunca poderán facer nada se a sociedade española e mundial non se mentaliza de que un gai é unha persoa totalmente normal.

Ninguén ten dereito a violar as liberdades individuais de cada persoa, cada un debe analizarse e pensar: por que o insulto, maltrato...? Non hai ningunha razón que o xustifique.





Apuntamentos

O TRABALLO A TRAVÉS DE INTERNET

Julio López Walliser
Periodista

Desde hai xa cinco anos Internet estase a converter nunha ferramenta imprescindible á hora de atopar traballo. Se ben a maioría dos sitios web diríxense a un público moi especializado tecnicamente e mesmo con cualificacións universitarias, a situación véñse transformando nos últimos tempos.

Botando unha ollada cara ó berce da World Wide Web, Estados Unidos, calquera empresario deste país que demande un determinado profesional utiliza Internet como primeira opción para buscar o perfil do traballador que mellor se axeite ás necesidades da súa empresa, por diante dos servizos que ofrecen outros medios máis tradicionais como poderían ser os xornais xeralistas ou especializados, ou mesmo as oficinas de emprego.

Segundo o dito anteriormente albiscamos unha novidade importante. O empresarioado adopta unha actitude moito máis activa no primeiro momento de seleccionar unha lista de candidatos a quen entrevistar. Non se limita a colocar unha oferta no xornal ou a solicitar unha lista de traballadores á oficina de emprego ou a unha axencia de traballo temporal. Agora o empresario acude a diferentes páxinas de Internet que almacenan milleiros de currículos de distintos profesionais e realiza a búsqueda dun determinado perfil tendo en conta parámetros como as aptitudes e experiencia do traballador, o seu lugar de residencia, a súa dispoñibilidade, etc. A diferenza do que ocorría anteriormente é sustancial. Nun minuto o empresario dispón dunha chea de currículos, que antes tardaría semanas en ter ó seu alcance.

¿Quere dicir isto que o demandante de

emprego tense que cruzar de brazos e esperar a que o chamen?. Non. En realidade sucede todo o contrario. A esixencia do empresario é moito maior agora, cando se trata de contratar a un profesional determinado e a información de que dispón para facelo é moito maior. O demandante ten que adoptar unha conducta proactiva, noutras palabras, ten que chegar o empresario antes de que ó empresario chegue a él.

Tense dito moitas veces que buscar traballo non é unha tarefa doada, é máis, trátase dun traballo que require esforzo. Neste senso, Internet é unha ferramenta que ven facilitar en grande medida a tarefa de atopar emprego, e facelo dun xeito proactivo.

Cada vez existen máis sitios web en Internet onde é posible deixar aloxado o noso currículo. En España, e particularmente en Galicia, onde a porcentaxe de poboación con acceso a Internet está en niveis non demasiado altos, a oferta deste tipo de servizos destinados a demandantes de baixa cualificación non é moi grande, aínda que xa existen páxinas que permiten colocar o seu currículo e buscar ofertas de traballo a esta clase de profesionais.

Entre as páxinas web que acabamos de mencionar, podemos salienta o portal de emprego Anuntisempleo.com, que acepta nas súas bases de datos calquera tipo de currículo, incluídos os referentes a oficios. Outros sitios que, aínda que se dirixen a candidatos cunha maior cualificación, permiten dar acubillo a calquera clase de currículo son Infojobs.net e Todotrabajo.com.

Outro modo de achegar o noso currículo





ás empresas é buscar en bases de datos ou directorios empresariais perfís de empresas ás que, pola súa situación xeográfica ou o seu sector productivo, lles poida interesar o noso traballo. Así, podemos consultar nestes directorios información sobre as propias empresas e enviar o noso currículo á dirección das mesmas. ¿Qué sentido ten isto?. Que a información do traballador estea na mesa do xerente ou director de recursos humanos, que será o que vai realizar a contratación, antes de que éste se decida a realizar unha oferta de emprego.



de información relacionada coa búsqueda de emprego, que proporciona o Servicio Galego de Colocación.

Outra base de datos de emprego atópase na web do CIMO, onde ademais de ofertas de traballo pódense buscar e difundir na súa sección de Au-

toemprego, franquicias, oportunidades de negocios e capital inversor.

En Galicia, existen dous directorios empresariais en Internet nos que podemos realizar este tipo de consultas: Ardan.es e Elcorreogallego.es.

Ademais, existen empresas que na súa páxina web realizan ofertas de traballo, polo que é de todo xeito interesante que consigamos as direccións de empresas do sector no que traballamos. Aínda que non demanden nese momento candidatos, ou non amosen as ofertas na súa páxina web, si adoitan estar nas páxinas as direccións do correo electrónico do xerente ou do departamento de recursos humanos, persoas ás que lle podemos enviar o currículo.

Xa, por outra banda, en Internet tamén existe a posibilidade de buscar ofertas de traballo, tal e como se fai nos xornais. Sen embargo, a consulta de bases de datos con ofertas de traballo en Internet ten os seus pros e contras.

A desvantaxe principal coa que nos atopamos a hora de buscar ofertas é que polo momento a cantidade destas non é moi grande, sobre todo cando se trata de buscar traballos relacionados con oficios. A vantaxe radica na gratuidade de acceso a estes servizos e na precisión na realización das consultas, poidéndose atopar un emprego con moita rapidez ca nos xornais.

Entre as páxinas onde se atopan ofertas de oficios como xardinería, a canteiría, a carpintería, etc, cómpre destacar en Galicia,

A nivel estatal, atopamos a web de emprego de terra, onde se poden atopar ofertas para calquera tipo de profesión ou oficio. Direccións citadas no presente artigo:

<http://www.xunta.es/empregoportal.htm>

<http://www.cimo.org>

<http://www.ardan.es>

<http://www.elcorreogallego.es>

<http://www.terra.es>

<http://www.anuntisempleo.com>

<http://www.todotrabajo.com>

<http://www.infojobs.net>





O SISTEMA DE CUALIFICACIONES PROFESIONAIS

*Departamento de Orientación Laboral
UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo*

Entre o 2 e o 3 de outubro de 2000 celebráronse en Santiago de Compostela as Xornadas sobre as cualificacións profesionais. O obxectivo das mesmas foi dar a coñecer o novo sistema de cualificacións profesionais que se está a implantar no noso territorio, así como as consecuencias que do seu establecemento se derivan para as persoas beneficiarias e para a administración

O Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais (SNCP) é o conxunto articulado de elementos que establecen a adquisición, recoñecemento, avaliación e rexistro da competencia requerida das persoas para acadar os obxectivos da produción e o emprego; a súa finalidade, entre outras, é integrar a oferta formativa da formación profesional. En concreto, fórmulase a elaboración e aprobación dun catálogo de títulos profesionais e dun repertorio de certificados de profesionalidade.

O SNCP trata, pois, de dar respostas ó desenvolvemento da integración das cualificacións profesionais, de promover a integración das diversas formas de adquisición das competencias profesionais, e todas estas accións derivan no “Novo Programa Nacional de Formación Profesional”, para o período 1998-2002. As medidas que propón este Programa para chegar a un sistema de cualificacións profesionais no Estado español son:

- ✓ Aprobación dunha norma básica reguladora do Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais.
- ✓ Creación do Instituto Nacional das Cualificacións (INCUAL).
- ✓ Establecemento dun Observatorio Profesional.
- ✓ Regulación do Sistema de Corres-

pondencias, Convalidacións e Equivalencias entre os tres subsistemas, incluíndo a experiencia laboral.

As xornadas formuláronse en dous niveis de contidos; o primeiro nivel consistiu en dar unha visión das experiencias existentes no ámbito estatal, e a continuación as exposicións centráronse na realidade galega cos puntos de vista dos axentes sindicais, patronais e da administración como protagonistas e promotores destes cambios.

A continuación, expúxose o caso vasco como exemplo dunha experiencia práctica, xa que o seu sistema de cualificacións profesionais está xa en funcionamento. Ten a súa orixe no cambio tecnolóxico e organizativo das empresas. Desde finais dos anos oitenta, necesítanse novas cualidades nas persoas, polo que defínidas e conseguilas é o obxectivo do seu Plan de Formación Profesional. Neste plan contéplase a creación do Instituto Vasco de Cualificacións e Formación Profesional, que ten como función principal a posta en marcha dun Sistema Integrado de Cualificacións Profesionais co que se poidan identificar que profesións necesitan as empresas e por outra banda certificar a profesionalidade dos traballadores. Todo este proceso faise a partir dun consenso de tódolos axentes (administración, sindicatos e empresariado).

Este sistema integrado concrétese na creación dun Catálogo Modular Integrado de Cualificacións, co mesmo referente formativo para os tres subsistemas, e a creación dunha rede de centros integrais que imparten os tres tipos de formación, co conseguinte aforro en recursos e coherencia interna da formación profesional.





Agora ben, como a competencia pode ser adquirida a través de formación ou a través das aprendizaxes non formalizadas como a experiencia persoal, é necesario establecer un Dispositivo de Recoñecemento e Acreditación das Competencias Profesionais, que está en proceso de consenso e que establece un sistema de certificación baseado na Tarxeta Persoal de Competencias (documento que certifica o que sabe facer unha persoa traballadora, como e cando o logrou) e no establecemento dun Rexistro Xeral de Competencia, onde constará a relación nominal dos posuidores das certificacións do sistema e o rexistro da competencia adquirida. blecer un Dispositivo de Recoñecemento e Acreditación das Competencias Profesionais, que está en proceso de consenso e que establece un sistema de certificación baseado na Tarxeta Persoal de Competencias (documento que certifica o que sabe facer unha persoa traballadora, como e cando o logrou) e no establecemento dun Rexistro Xeral de Competencia, onde constará a relación nominal dos posuidores das certificacións do sistema e o rexistro da competencia adquirida.

Por último, as xornadas centráronse no asunto do Sistema de Cualificacións en Galicia que supón, coma nos casos anteriores, a integración dos tres subsistemas de formación profesional (formación regrada, ocupacional e continua) de xeito que sexan capaces de dar resposta dende unha fronte común ás necesidades formativas derivadas directamente do mercado laboral e se poida articular un sistema flexible e único que vencelle as necesidades das empresas e a capacitación dos traballadores, evitando a confusión e as duplicidades actuais.

Neste senso, o Instituto Galego das Cualificacións xorde para garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións en Galicia, e ofrece dous servizos:

- a) Servizo de deseño e acreditación das cualificacións, desde o que se coordinan os tres subsistemas de

formación profesional para integralos nun único sistema de recoñecemento da competencia profesional. Ó respecto, está pendente a implantación do sistema de acreditación das cualificacións profesionais a través do sistema galego de cualificacións.

- b) Observatorio das ocupacións, que permite coñecer o funcionamento do mercado laboral, proporcionando información para o deseño das políticas de formación profesional. A información que facilita xira en torno á evolución da demanda e da oferta das ocupacións, ás profesións emerxentes, proporcionándose tamén información sobre as necesidades do mercado de traballo en canto a accións de emprego e formación.





landra

Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Apuntamentos

ESCOLAS E OBRADOIROS CON ESPACIO EN INTERNET

A UPD pon ó servizo destes programas de emprego novos medios de información a través de Internet


*Departamento de Comunicación
UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo*

Na Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo levamos tempo traballando pola progresiva utilización das novas tecnoloxías da información nos nosos labores diarios, ó tempo que perseguimos a súa crecente divulgación nas escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra. Nesta liña, ó longo do ano 2000, a UPD veu facendo un importante labor no deseño, realización e plasmación de contidos informativos nun espazo web propio, que ten como principal obxectivo afortalar os instrumentos de colaboración e intercambio de información das escolas, obradoiros e entidades promotoras destes proxectos na provincia de Pontevedra.

O resultado é unha ampla páxina web, denominada www.maiv.org/upd, que está en actividade desde setembro de 2000, estruturada en catro diferentes seccións nas que se están a volcar progresivamente novas informacións que pretenden proporcionar ás escolas, obradoiros e entidades promotoras destes proxectos, así como o resto dos usuarios, informacións detalladas, materiais diversos e enderezos electrónicos ós que poden dirixirse para obter información de calidade. A sección “Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego” mostra información sobre este tipo de proxectos: orixe, destinatarios, promoción de proxectos, etc.

Na sección “Unidade de Promoción e Desenvolvemento” pódese atopar información sobre este equipo, a súa estrutura departamental, os obxectivos que persigue, así como sobre a orixe e evolución destas unidades no Estado español e na provincia de Pontevedra, existindo igualmente ampla información sobre as liñas de traballo nas que o equipo está a intervir na actualidade.

Ofrécense tamén datos estatísticos e información cartográfica sobre os proxectos existentes a nivel provincial. Recóllese ademais outras informacións de interese, como as referidas a plans formativos e certificados de profesionalidade, a normativa reguladora destes programas, etc., incorporándose tamén enlaces a outras páxinas web de interese.



Pola súa banda, a sección “Servicios” está deseñada como unha plataforma desde a



que a UPD pode prestar servicios ás escolas e entidades promotoras mediante o emprego de internet e do correo electrónico, posibilitándose a comunicación directa dos usuarios cos diversos departamentos do noso equipo mediante o emprego do correo electrónico, para a consulta de calquera aspecto referido co programa, o emprego e o desenvolvemento local.


Igualmente, nesta sección, e a través dos puntos de información que nela existen, pódese acceder a novos contidos e materiais informativos diversos sobre as actividades que realizamos, informes, estudos e publicacións, documentación metodolóxica, modelos de impresos, etc.

Ás tres seccións anteriores veuse a engadir recentemente unha cuarta sección para o emprazamento da revista Landra e do boletín electrónico Landra-Arco da Nova que edita a UPD. Ambos pretenden ser instrumentos útiles de información e participación das escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia.

Ademais da revista Landra, que recolle información adicada ós distintos proxectos

existentes, o alumnado, así como colaboracións diversas en temas de emprego e desenvolvemento local, contamos co boletín electrónico “Arco da nova”, na que, de forma breve, se recollen noticias e informacións locais e temáticas de interese xeral e para o programa de escolas obradoiro. Este boletín concíbese como unha sección de continua actualización que será remitida periódicamente a todas as escolas, entidades e persoas interesadas na súa información que contén con enderezo electrónico.

Coa creación desta páxina web e dos servicios que a través dela se ofrecen, cúmprese un dos obxectivos que o noso equipo se marcou e nos que ten traballado con maior ilusión. Agora ben, é preciso ter en conta que unha web como a nosa vai requirir un labor constante de actualización e ampliación da información. Esta páxina, pois, deberá ser progresivamente implementada con novas seccións e contidos, nunha tarefa, non exenta de esforzos, que require a colaboración das propias escolas obradoiro e obradoiros de emprego existentes na provincia de Pontevedra.





ASOCIACIONES E INSERCIÓN LABORAL

*Juan A. Gonzalez Pérez
Director do Obradoiro de Emprego Bidueiro*

O mercado laboral preséntase de moi diferentes formas para o conxunto social, e os efectos da actual situación económica son moi negativos para un amplo colectivo da nosa sociedade, afectados pola problemática que se deriva da súa situación de marxización (delincuencia, drogadicción,...), que provoca un alto número de parados/as.

Nas sociedades modernas está a aparecer un novo grupo de marxizados, unha nova clase social: a dos parados/as, que non teñen un posto de traballo remunerado e desempeñado en condicións dignas.

En Galicia o paro aumenta a maior ritmo que no resto do Estado español, principalmente nas grandes cidades industriais, como Ferrol e Vigo, o que unido á poboación que precisou emigrar supón un grande continxente de suxeitos marxizados.

Desde as asociacións cidadás que intentan axudar a estes colectivos marxinais, como a Fundación Érguete-Integración, ou a Asociación de Axuda ó Toxicómano “Érguete” de Vigo, preténdese a formación e integración no mundo laboral de persoas con especiais dificultades para a súa incorporación social (pola situación de marxinalidade, idade, sexo, etc.), a partir da lexislación vixente e con proxectos innovadores, como a Escola Obradoiro Xérmolo (1997-99) e o Obradoiro de Emprego Bidueiro (2000-01). O obxectivo principal destes proxectos é presta-lo apoio necesario para que os/as alum-

nos/as-traballadores/as que participan nelas, en moitos casos con problemas de inserción social, poidan adquiri-la formación ocupacional necesaria para a súa incorporación complemento a esta formación ofrécese un módulo específico de Información e Orientación Laboral, no que se proporcionan os recursos persoais e profesionais

suficientes para enfrontárense a súa propia inserción laboral, tendo en conta as súas habilidades, intereses, motivacións e as demandas reais do mercado de traballo nesta cidade.



De tódolos xeitos, asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro como Érguete ou similares atópanse coa necesidade de optimiza-los recursos que se ofrecen desde ámbitos municipais e intermunicipais. Coñecer estas posibilidades e usalas é obriga destas asociacións xa que os medios humanos e prácticos son a miúdo escasos ou están supraelizados.

Os servicios que ofrecen equipos como a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, dirixidos especificamente a Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, supoñen para entidades coma a nosa un apoio fundamental de cara á inserción laboral, e por suposto social, dos nosos traballadores participantes.

Seminarios como o de “Ideas empres-

Seminarios como o de “Ideas empres-





riais”, “Motivación para o autoemprego” ou “Fontes de financiamento e axudas e subvencións á creación de empresas” enchen un baleiro que desde a nosa Asociación/Fundación dificilmente poderíamos cubrir de maneira tan completa e específica. Neste mesmo senso, ó dispormos dun servizo para nós, disposto a solucionar du-

-bidas e actuar sobre cuestións concretas relacionadas coa inserción laboral dos nosos

usuarios, facilitanos enormemente o noso labor e proporciona a axuda necesaria para acadalos obxectivos que dende a Érguete nos propoñemos.

DA ESCOLA Ó TRABALLO

Arquipedra, un exemplo emprendedor

*Jose Manuel González Figueroa
Xerente de “Arquipedra”*

Arquipedra é unha cooperativa de traballadores xurdida como resultado dunha formación recibida nunha escola obradoiro e, por suposto, do interese persoal, esforzo e adicación das persoas que a integramos.

Unha vez completada a formación na Escola Obradoiro de Tui, na especialidade de cantería na que nos formamos, pensamos en constituir unha empresa formada por cinco alumnos. A decisión de crear o noso propio posto de traballo xurdiu ó comprobar que na zona existía unha crecente demanda de traballos artesanais en pedra, e non había persoal cualificado suficiente para cubrir estas necesidades.



Desde a Escola Obradoiro animáronnos en todo momento a levar a cabo este proxecto e axudáronnos no proceso de constitución da empresa e mesmo na consecución dos nosos primeiros clientes. Para a posta en marcha da empresa, precisabamos por suposto recursos financeiros; e dado que

Á hora de decidir que tipo de empresa crear, buscamos asesoramento sobre a forma xurídica que máis nos beneficiase e atopamos que era a cooperativa. Inicialmente, comezamos cun obradoiro de restauración de patrimonio artístico e relixioso, totalmente artesanal, no que case non tiñamos necesidade de maquinaria, sómentes as ferramentas básicas. Isto resultou moi favorable para nós, ó non ter que facer un forte investimento no inicio da nosa actividade.

Sen embargo, éste era un mercado limitado e optamos por facer traballos en pedra para empresas constructoras, artesáns, particulares, etc., co que pronto xurdiu a necesidade de co-

mezar a investir capital para a adquisición de maquinaria.

O negocio evolucionou favorablemente porque tiñamos unha gran capacidade de adaptación ás necesidades concretas de cada cliente.





Ademais, cando comezamos non tiñamos practicamente competencia na zona, o que nos axudou favorablemente a implantarnos e comezar a explotar un mercado cada vez máis satisfeito do noso traballo polo impecable acabado que ofreciamos, así como o trato personalizado ós clientes e o noso deseño, que lle confire un carácter singular ás nosas obras.

As boas relacións internas entre os membros que integramos a cooperativa favoreceron tamén, desde un principio, o logro dun excelente clima de traballo, que fai que o grupo funcione perfectamente e que a empresa medre día a día.

Actualmente, como expectativa de futuro, temos pensado ampliar a nave, instalar novas máquinas e ampliar o cadro de per-

soal. Ademais estamos a conseguir abri- nos ó mercado en Portugal, que cada vez é máis amplo, xa que moitas empresas das zonas cercanas a nós, encárganos traballos directamente, así como empresas de granito que nos solicitan a realización de pezas con formas complicadas que eles non poden facer.

A experiencia resulta enormemente gratificante, pois é un esforzo conxunto para acadar un futuro mellor; e produce unha gran ilusión ver que o noso proxecto vai adiante día a día, coa incorporación de novos traballadores e a satisfacción dos clientes, alicientes que nos empurran a seguir perfeccionando as nosas obras e superarnos a nós mesmos.



landra 



Esperamos as vosas suxestións e colaboracións en :
Vía da Hispanidade 17, 36203 VIGO. e-mail: ecoupd@telexline.es